

GALICIA: O TRÁNSITO CARA A UNHA SOCIEDADE URBANA NO CONTEXTO DA UNIÓN EUROPEA

ANDRÉS PRECEDO LEDO / ALBERTO MÍGUEZ IGLESIAS
MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ JUSTO
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 9 de xullo de 2008

Aceptado: 25 de setembro de 2008

Resumo: Baixo este título abórdase o recente tránsito dunha Galicia rural á rexión urbana actual, cunha evolución da taxa de urbanización máis elevada cá media europea, podendo por iso falar dunha converxencia urbana de Galicia con Europa. Para demostrar este feito confeccionouse unha base de datos das sete áreas urbanas desenvolvidas en torno ás principais cidades galegas, utilizando como criterios de delimitación desas áreas os que se consideran maioritariamente nos diferentes países europeos. Esta delimitación permite estudar a distribución do crecemento da poboación en cada unha das sete cidades galegas, a distribución da produción e o proceso de terciarización da súa economía urbana, resaltando a súa apertura cara ao exterior, principalmente nos ámbitos empresarial, turístico e cultural, e incorporándose ás rexións máis desenvolvidas seguindo o modelo urbano postindustrial. Tamén se analiza o crecemento das cidades galegas no contexto das cidades medias europeas, advertíndose un déficit de tamaño en relación coa súa competitividade, cuxa causa radica na estrutura policéntrica da rede urbana rexional e no proceso histórico de alternancia do liderado urbano. Para alcanzar dimensións máis competitivas, propóñense varias estratexias de agrupación territorial, como a creación de eurociudades en torno a cidades-porto entre as que existen complementariedades funcionais.

Palabras clave: Proceso de urbanización / Competitividade urbana / Márketing urbano / Produto cidade.

GALICIA: THE TRANSITION TO AN URBAN SOCIETY IN THE CONTEXT OF THE EUROPEAN UNION

Abstract: We speak about to the recent transit of a Galician rural to the urban region today, with an evolution of the urbanization rate higher than the European average, and may therefore speak of a convergence of urban Galicia with Europe. We have compiled a database of the seven urban areas developed around the main Galician cities, using as criteria for delimitation of those areas which are seen mostly in different European countries for demonstrate the convergence of urban Galicia. This definition allows studying the distribution of population growth in each of the seven cities of Galicia, distribution of production and process tertiarization of its urban economy, highlighting its openness to the outside world, mainly in the fields business, tourism and cultural, joining the more developed regions, along the lines postindustrial city. It also examines the growth of the Galician cities in the context of medium-sized cities in Europe, warned of a shortfall size in relation to its competitiveness, whose cause lies in the structure of the polycentric urban network in regional and historical process of alternating leadership urban. To achieve more competitive dimensions are proposed several strategies territorial grouping, such as the creation of Eurocities around port-cities where there are complementarities between functional.

Keywords: Urbanization process / Urban competitiveness / Urban marketing / Product city.

1. A CONVERXENCIA URBANA CON EUROPA: O CRECIMENTO DAS ÁREAS URBANAS

1.1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos vinte anos, Galicia incorporouse á tendencia das rexións e dos países máis desenvolvidos, onde a poboación se concentra nas áreas urbanas e, á vez,

as sociedades deixan de ser rurais para converterse en urbanas. Desde esta perspectiva, sempre se considerou que a urbanización era sinónimo da modernización e de desenvolvemento, e isto segue mantendo a súa vixencia na nosa contorna xeográfica e económica europea, aínda que no ámbito mundial requira importantes matices principalmente polos efectos xerados pola globalización no proceso de urbanización e polo papel das migracións e das bolsas de pobreza nas maiores cidades mundiais, xa que nunha proporción crecente corresponden aos países en vías de desenvolvemento (Precedo, 2004). Pero no noso caso, como xa dixemos, a situación debe valorarse de xeito positivo. Os datos axudarannos a comprender mellor o alcance da aceleración do noso proceso de urbanización, freado desde os inicios da revolución industrial e acelerado a partir da integración en Europa e da internacionalización dalgunhas das nosas grandes empresas. Por iso, pódese afirmar que a Galicia de hoxe é xa unha sociedade urbana. Vexamos os datos.

1.2. GALICIA: UNHA SOCIEDADE URBANA

O índice de urbanización de Galicia no ano 2005 era do 70,47, é dicir, que o setenta por cento da nosa poboación era xa urbana; unha cifra que aínda podería incrementarse de utilizarmos os criterios que usan países que, coma o noso, se caracterizan por unha urbanización dispersa, onde o tamaño base de contabilización se sitúa entre os 1.000 e os 3.000 habitantes en núcleo ou entidade e, nalgún caso, como Dinamarca, mesmo menos. Nós, para o cálculo deste índice, tivemos en conta os criterios de España e doutros países europeos que utilizan o dobre criterio: os municipios con máis de 10.000 habitantes e as poboacións das áreas ou aglomeracións urbanas supramunicipais, que no noso caso son sete con corenta e un municipios periurbanos.

Malia ter alcanzado un elevado grao de urbanización, aínda estamos por baixo da media europea (76,08) e da española (76,72), pero situámonos nun nivel intermedio en relación cos quince Estados da Unión Europea: nove teñen un índice de urbanización superior ao de Galicia e seis están por baixo do noso. Esta diferenza resulta lóxica, pois os que nos superan son os países máis industrializados, entre os que se contan os que foron o escenario da primeira revolución industrial –Reino Unido, Bélxica, Luxemburgo, Holanda e Alemaña–, quedando por baixo de Galicia os países con extensas superficies pouco atractivas para a urbanización por ser zonas frías ou de montaña –Austria, Finlandia– ou os países mediterráneos cunha forte compoñente rural, como Grecia, Portugal e mesmo Italia.

De comparármolos cos grandes Estados do mundo, a nosa posición é moito máis favorable pois, agás Estados Unidos (80,8) –un dos países máis urbanizados do mundo e un dos maiores expoñentes da sociedade metropolitana moderna– e Rusia (72,9) –pola concentración da poboación en grandes cidades debido ás condicións xeográficas do medio–, en todos os demais países o índice de urbanización é inferior ao de Galicia, como ocorre en China (40,4) ou en India (28,1). Por iso,

nun contexto europeo e mundial podemos afirmar que Galicia se inscribe no conxunto das sociedades urbanas.

Táboa 1.- Proceso de urbanización en Europa

	EU-15	ESPAÑA	ALEMAÑA	ITALIA	REINO UNIDO	FRANCIA
PU 1985	266.518	28.513	56.486	37.819	50.131	40.717
PU 2005	296.333	33.295	60.630	39.652	54.052	46.781
PT 1985	360.624	38.420	77.685	56.593	56.554	55.284
PT 2005	388.883	43.397	82.652	58.646	60.245	60.991
Incremento	11,19	16,77	7,34	4,85	7,82	14,89
Taxa anual	0,05	0,06	0,05	0,05	0,05	0,05
% pob. urb. 1985	73,90	74,21	72,71	66,83	88,64	73,65
% pob. urb. 2005	76,20	76,72	73,36	67,61	89,72	76,70
Incremento %	3,11	3,38	0,89	1,18	1,22	4,14
Taxa anual %	0,049	0,049	0,048	0,048	0,048	0,050
Diferenza	2,30	2,51	0,64	0,79	1,08	3,05

FONTE: Population Division of the Department of Economic and Social Affairs of the United Nations (2006) e elaboración propia.

1.3. UNHA URBANIZACIÓN ACELERADA: A DOBRE CARA DO PROCESO

Os mesmos datos que mencionamos no apartado anterior achégannos unha nova información se os comparamos co punto de partida vinte anos atrás. Efectivamente, entre os anos 1986 e 2005 advírtese o seguinte:

- a) A taxa de urbanización de Galicia creceu a un ritmo moi alto en relación co ocorrido noutros países, alcanzando un incremento relativo do 6,84% e un incremento do índice de 4,51 puntos. E isto, nun período de tempo tan curto, non deixa de ser salientable posto que no punto de orixe a estimación do noso índice de urbanización era máis baixo cá media española (Galicia, un 65,9 e España, un 74,2). De aí que a nosa diferenza co índice medio europeo fose no primeiro ano de 7,04 puntos por baixo, mentres que no ano 2005 esa diferenza se acurta- ra en 1,31 puntos ao reducirse o diferencial a 5,73. Isto quere dicir que a urbanización en Galicia foi máis rápida cá europea desde a nosa integración na Unión.
- b) Por outro lado, o noso índice de urbanización crece máis ca o de España, cun incremento de 1,31 puntos fronte ao 0,21 do índice español, pero aínda é máis representativo que o noso índice de urbanización se incrementara máis ca o dos principais países europeos que tomamos como referencia para esta comparación.

Esta aceleración da urbanización en Galicia, con ser positiva, sobre todo se a comparamos coa nosa tradición rural anterior, encerra factores causais que non o son tanto e por iso podemos falar dunha urbanización positiva derivada do crecemento do sistema urbano e dunha desurbanización do espazo rural derivada da cri-

se demográfica xeneralizada que enlaza cuns problemas moi graves: o avellentamento demográfico, a despoboación rural e o saldo demográfico negativo ou, no mellor dos casos, un estancamento no número de habitantes. Por iso, ese forte incremento da urbanización débese non só ao crecemento das cidades senón tamén ao decrecemento das áreas rurais e ao estancamento demográfico xeral. Así, pódese falar dunha dobre urbanización: unha directa –o crecemento urbano– e outra indirecta –o despoboamento rural–. Isto engade unha valoración máis negativa do que á primeira vista puidera parecer.

Táboa 2.- Comparación dos incrementos nos índices de urbanización

PAÍSES	ÍNDICE 1986	ÍNDICE 2005	INCREMENTO
Francia	73,65	76,70	3,05
España	74,21	76,72	2,51
Reino Unido	88,64	89,72	1,08
Italia	66,83	67,61	0,78
Alemaña	72,71	73,36	0,65
EUR-15	73,90	76,20	2,30
Galicia	65,96	70,47	4,51

FONTTE: Population Division of the Department of Economic and Social Affairs of the United Nations (2006) e elaboración propia.

Do anterior dedúcese que, se calculásemos os índices de crecemento da poboación rural –é dicir, o complementario do anterior–, Galicia sería un país que destacaría por ter o índice de despoboación rural máis intenso e, dado que ao principio do período nos movíamos nun nivel de urbanización intermedio, ese efecto non debe atribuírselle ao exceso de carga rural senón máis ben á debilitación da rede urbana de base como consecuencia da crise rural. De feito, se contabilizamos por separado a evolución da poboación dos municipios clasificados como urbanos por ter máis de dez mil habitantes e que non forman parte das sete áreas urbanas, comprobamos como este segmento reduciu os seus efectivos, pasando de aglutinar 535.545 habitantes no ano 1986 a ter 421.282 no ano 2005, o que supón un descenso dun 21,3%. Isto non implica que todas as cabeceiras de comarca que forman a rede de pequenas cidades perderan poboación senón máis ben ao contrario, xa que, como comprobamos en estudos anteriores sobre a evolución da poboación dos núcleos urbanos, o balance fora positivo (Precedo, 2001). Daquela, poderíamos preguntarnos, que é o que explica a diferenza? Moi sinxelo, as entidades urbanas gañan poboación ou, cando menos, estabilízanse, pero as parroquias rurais dos mesmos municipios despobóanse, como ocorre nos municipios totalmente rurais ou, o que é o mesmo, que o crecemento das cidades cabeceira non foi suficiente para neutralizar ou para compensar o decrecemento das súas áreas de mercado fortemente rurais e regresivas. Esta dinámica debería ser corrixida mediante programas para a potenciación das cabeceiras comarcais na súa totalidade e non só para aquelas que xa es-

tán crecendo aínda que, evidentemente, os resultados no curto prazo son sempre máis positivos no segundo caso ca no primeiro, pero no longo prazo resultan insuficientes para recuperar o dinamismo da rede urbana de base. Así, o desenvolvemento das cabeceiras comarcais segue a ser un obxectivo que debería ser preferente baixo un prisma de planificación integrada do desenvolvemento (Precedo, 2004).

1.4. O CRECEMENTO DAS CIDADES: A FORMACIÓN DE ÁREAS URBANAS SUPRAMUNICIPAIS

En Galicia un millón e medio de persoas vivimos nas sete áreas urbanas maiores, aínda que esa poboación se distribúe de diferente modo en cada unha delas. A isto imos dedicarlle este apartado. Diremos, en primeiro lugar, que fixemos a agregación de municipios para a delimitación das áreas urbanas tendo en conta a continuidade morfolóxica do espazo construído, a densidade e o crecemento da poboación, sen incluír os criterios funcionais que darían lugar ás áreas metropolitanas, porque o que agora nos interesa é analizar a evolución da urbanización desde o punto de vista da ocupación do solo.

As cidades nas que a área urbana abarca un maior número de municipios son as dúas maiores, é dicir, Vigo e A Coruña, aínda que nesta última o menor tamaño do municipio favoreceu o aumento do número deles. Ourense, que despois da Coruña ten o municipio urbano de menor superficie, viuse obrigada a ocupar un número considerable dos municipios veciños para o seu crecemento. Lugo, pola contra, co municipio máis extenso, apenas expandiu o espazo urbano máis alá dun eixe lineal que afecta a dous municipios. Pero o que interesa sinalar é a xeneralización da supramunicipalidade ás nosas realidades urbanas ou, o que é o mesmo, que as cidades galegas, como a maioría das españolas e das europeas, están formadas por unha aglomeración urbana que inclúe varios municipios, de modo que xa non é adecuado identificar a cidade co municipio urbano central, porque desa mesma realidade, aínda que de diferente modo, participan os demais municipios. Loxicamente, este feito debería estar asociado á creación de entes de xestión supramunicipal ou comarcal para facerlles fronte ás necesidades de planificación e de ordenación territorial das nosas cidades, as cales seguen crecendo segundo os plans de urbanismo municipais –plans que na maioría dos casos carecen de coordinación ningunha–, o que provoca múltiples problemas no ámbito das infraestruturas e das redes do transporte, do uso do solo e da xestión ambiental. Por iso, independentemente de que non todas reúnan os requisitos para ser consideradas como áreas metropolitanas, en todas é necesario instituír algún sistema de xestión de ámbito supramunicipal para evitar que o crecemento futuro termine xerando disfuncións que afectarán negativamente á competitividade das cidades e á súa calidade de vida, entendida esta desde a súa acepción máis ampla.

A delimitación das áreas urbanas permítenos xa estudar a distribución do crecemento da poboación en cada unha das sete cidades galegas.

Táboa 3.- Evolución das áreas urbanas: número de municipios

CIDADES	MUNICIPIOS 1986	MUNICIPIOS 2005
Vigo	12	12
A Coruña	10	12
Ourense	7	7
Ferrol	5	7
Santiago	4	4
Pontevedra	4	4
Lugo	3	3
Total municipios	45	49

FONTE: INE e elaboración propia.

Empezaremos dicindo que das sete cidades só Ferrol está por baixo da media galega, o cal reflicte o difícil axuste desta cidade aos efectos da crise industrial da primeira internacionalización da economía no ano 1973 –denominada “crise do petróleo”–, pero que tivo como consecuencia unha fonda reestruturación dos sistemas produtivos urbanos nun novo escenario mundial. Nas restantes cidades a adaptación ao modelo postindustrial, baseado na terciarización das economías urbanas, foi máis sinxela debido a que xa se trataba de cidades de servizos: nalgúns casos tratábase de servizos administrativos e comerciais (coma nos casos de Ourense, Pontevedra e Lugo), noutras sumáronse aos anteriores os de carácter empresarial e de actividades da nova economía (coma no caso da Coruña) e nalgúns outros reforzouse a súa base industrial (coma nos casos da Coruña e de Ourense). Mención especial merecen os casos de Vigo e de Santiago. O primeiro deles porque, logo dunha fonda crise industrial que coma no caso de Ferrol afectou a sectores produtivos básicos –como a construción naval e a siderometalúrxica–, a base industrial adquiriu unha nova dimensión máis competitiva, aínda que o risco de incrementar o seu monocultivo sectorial excesivamente centrado na automoción e, á vez, o incremento da poboación e da renda favoreceron o aumento da terciarización da súa economía urbana. No caso de Santiago a situación foi distinta, xa que se debeu á creación da capitalidade autonómica e á promoción da cidade coma un destino turístico destacado. Estes axustes e reaxustes, que máis adiante volveremos comentar, explican a diferente taxa de crecemento interanual de cada unha das cidades.

Na táboa 4, que contén os datos de poboación urbana, as cidades están ordenadas en función do número de habitantes das súas respectivas áreas urbanas no ano 2005, unha ordenación que non coincide coa taxa de crecemento posto que, á vista dos datos, non se observa unha correspondencia entre o tamaño da cidade e a taxa de crecemento. En efecto, a cidade que experimentou un maior crecemento foi, como era de esperar, a capital, é dicir, Santiago de Compostela, seguida da Coruña e, en terceiro lugar, de Lugo, a pesar de ser a de menor tamaño demográfico. Tamén foi moi considerable o crecemento da área de Pontevedra-Marín, que resulta especialmente significativa de comparármola coa tónica que a caracterizaba en dé-

cadras anteriores, ao contrario do que ocorre en Ourense, que, logo dun ascenso inicial maior cá media das cidades, entrou nunha fase que poderíamos cualificar de estancamento. O caso de Vigo non deixa de resultar paradoxal porque, a pesar de ser a aglomeración urbana cun maior número de habitantes, tivo un crecemento relativo inferior á maioría das cidades, malia o seu forte impulso reindustrializador actual. De feito, é a quinta cidade en relación coa taxa de crecemento demográfico da área urbana. Este é un dato que, xunto cos anteriores, nos confirma o dito anteriormente: que foron as cidades terciarias as que máis creceron en poboación, é dicir, Santiago, Lugo, A Coruña e Pontevedra, por esta orde, mentres que as que foran industrializadas na etapa anterior ao ano 1986 tiveron un crecemento menor, segundo a orde seguinte: Vigo, Ourense e Ferrol, tomadas de máis a menos.

Táboa 4.- Poboación das áreas urbanas

ÁREA URBANA	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 2005	CRECIMENTO (%)
Vigo	420.221	468.723	11,54
A Coruña	333.597	395.963	18,70
Ferrol	145.738	150.181	3,05
Santiago	114.068	138.805	21,68
Pontevedra	119.016	136.962	15,08
Ourense	123.829	133.980	8,20
Lugo	82.127	98.584	20,04
Total	1.338.606	1.523.198	13,8

FONTE: INE e elaboración propia.

Un terceiro e último aspecto que cómpre considerar neste apartado é o relativo á diferenza de crecemento entre os municipios centrais das cidades e as súas periferias urbanas. Como fixemos anteriormente, calculamos os datos para as áreas urbanas, e estes serán os que marquen o fío da nosa argumentación.

O máis rechamante dos datos é que os municipios centrais, é dicir, os que albergan as cidades, perderon peso no conxunto da poboación das áreas urbanas de Galicia, o que se traduce nunha caída dun -3,7. Isto non quere dicir que non incrementaran a súa poboación, xa que esta creceu un 7,7%, pero en case todos os casos ese incremento foi menor ca o das periferias. Resumindo: as nosas cidades perden peso no dinamismo da poboación das áreas urbanas de Galicia, un feito que, por outra parte, non resulta estraño por canto é común á maior parte das cidades europeas. Isto débese a unha serie de feitos concatenados como son o excesivo prezo do solo e da vivenda, o avellentamento demográfico, a redución do tamaño da familia tradicional, o aumento da familia mononuclear, o incremento dos “*singles*” e a deterioración das áreas históricas e dos barrios da primeira vaga inmigratoria. Son factores de parecida ou de diversa natureza, pero que asociados xeraron un baleirado demográfico das cidades centrais que foi substituído por un crecente proceso de terciarización das locais, e que nin sequera o asentamento dos novos inmigrantes logrou compensar, agás naquelas onde a concentración de inmigrantes alcanzou propor-

cións moi elevadas, pero en Galicia non ocorre desa maneira. Vexamos cada unha das cidades individualmente:

- a) Vigo, que é o municipio urbano máis extenso e por iso o de maior poboación, ocupa o terceiro lugar polo que respecta ao seu crecemento (12,16%) e tamén pola súa lixeira perda de peso sobre o total da poboación das áreas urbanas (-0,2). De todos os modos, a grande expansión superficial do municipio permite pensar nun crecemento máis elevado no futuro, sempre que os factores que actúan de freo cambien a súa tendencia, e que neste caso ás causas xerais cómpre engadir unha situación negativa de planificación e de xestión do urbanismo municipal.
- b) O caso coruñés é diferente, xa que está moi condicionado polo reducido tamaño do seu municipio, que é o máis pequeno das cidades galegas. Un municipio que está urbanizado na súa case totalidade e no que os incrementos provocados por un planeamento municipal baseado no aumento das densidades residenciais para impedir a perda de poboación está xogando negativamente en relación coa calidade ambiental e urbana en xeral, xa que é este factor o causante dunha boa parte da problemática urbana actual (conxestión de tráfico, escaseza de zonas verdes interiores, masificación do espazo, sobrecarga ambiental). De todos modos, é o que perdeu máis peso poboacional con respecto ao total (-1,8) e o penúltimo en crecemento.
- c) Ourense, o terceiro núcleo urbano de Galicia pola poboación do seu municipio, é o cuarto que máis crece (8,2%), pero o seu peso no conxunto descendeu ata o cuarto lugar (-0,4), indicando isto un dinamismo medio.
- d) Lugo é a cidade que máis creceu de Galicia (22%), xa que pasou de ocupar o penúltimo lugar no ano 1986 –o sexto– a converterse na cuarta polo número de habitantes, o que supuxo un incremento de peso sobre o total que a situou no primeiro lugar. Neste caso, a situación é a contraria á coruñesa, porque o municipio lucense é o máis extenso dos urbanos e ten capacidade para albergar o crecemento da cidade actual e futura sen necesidade de acudir aos municipios adxacentes.
- e) Santiago, malia o forte crecemento da súa área urbana, non logrou posicionarse máis alá do quinto lugar, cunha taxa moderada de crecemento (7,7%), igual cá media das sete cidades, e cunha perda de peso elevada (-0,3). Neste caso, este desaxuste non esta relacionado co tamaño do termo municipal que alberga a cidade senón que, pola contra, se trata dun dos municipios máis extensos e cuxo solo presenta grandes posibilidades para acoller un tamaño de poboación moi superior ao que o crecemento actual puidera proxectar no futuro da área urbana. Neste caso, a diferenza de crecemento coa periferia hai que explicala acudindo á deficiente xestión do solo municipal e, aínda máis, ao excesivo prezo alcanzado pola vivenda en relación coa distribución familiar da renda, un desaxuste que está incrementando enormemente os custos derivados do investimento en in-

fraestruturas de transporte para paliar os efectos derivados da formación dunha mancha urbana fragmentada e dispersa na súa contorna.

- f) Ferrol tamén presenta un cadro parecido pero moito máis grave, porque a súa perda de poboación é a máis elevada de Galicia (-10,4%) e a súa perda de peso só cede ante a do municipio coruñés. En efecto, á parte dos efectos da crise industrial acumulada que mencionamos antes, o decrecemento ferrolán está máis relacionado coa incapacidade de xerar solo residencial e solo empresarial no propio municipio que coa problemática derivada do axuste sectorial.
- g) Queda, finalmente, o caso de Pontevedra, a cidade que máis crece despois de Lugo (17,96%) e tamén a que incrementou o seu peso demográfico no sistema urbano. A súa función comercial e administrativa, o prezo máis baixo da vivenda e o propio atractivo urbano parecen ser as causas deste crecemento que é común, como xa dixemos, a todas as cidades terciarias.

Táboa 5.- Crecemento dos municipios centrais

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 2005	CRECIMENTO (%)	PROPORCIÓN SOBRE O TOTAL		
				1986	2005	Dif.
Vigo	261.878	293.725	12,16	19,5	19,3	-0,2
A Coruña	239.150	243.349	1,76	17,8	16,0	-1,8
Ourense	100.143	108.358	8,20	7,5	7,1	-0,4
Lugo	75.623	92.271	22,01	5,6	6,1	+0,5
Santiago	86.250	92.919	7,73	6,4	6,1	-0,3
Ferrol	86.154	77.155	-10,45	6,4	5,1	-1,3
Pontevedra	67.289	79.372	17,96	5,0	5,2	+0,2
Total	916.487	987.149	7,7	68,5	64,8	-3,7

FONTE: INE e elaboración propia.

Concluindo este apartado e antes de entrar no estudo do que ocorreu nas periferias das cidades, debemos reiterar o dito ao principio: que o peso das cidades e dos seus municipios tende a diminuír en termos poboacionais e que, aínda que en cada unha delas a casuística é diferente, en todas, agás en Lugo, este proceso probablemente seguirá evolucionando no mesmo sentido, tanto que xa comezan a ser visibles os casos nos que a poboación da periferia iguala ou supera a da cidade, como dentro dalgún tempo ocorrerá na área urbana da Coruña e mesmo na de Vigo, aínda que, como xa dixemos, por razóns diferentes en cada caso. Agora imos ver o que ocorreu nos espazos complementarios, é dicir, nas periferias.

Resulta curioso constatar como a perda de peso dos municipios centrais no sistema de cidades é a mesma que nos municipios da periferia pero, neste caso, con signo positivo (+3,7), o que indica que estamos asistindo a unha transferencia do crecemento dentro do sistema. Pola mesma razón, as periferias urbanas creceron 3,5 veces máis cás cidades de orixe (un 27% fronte a un 7,7%), é dicir, que triplicaron o seu crecemento ou, se se quere, que as periferias urbanas crecen tres veces máis cás cidades. Dito isto, e tal e como fixemos antes, comentaremos por separado cada un dos casos:

- a) A Coruña e Santiago son as cidades que experimentaron unha expansión urbana máis importante cara ás súas periferias, aínda que as razóns sexan distintas, tal e como xa sinalamos. Na Coruña o solo no municipio central está esgotado e en Santiago a xestión do solo favoreceu a saída de habitantes, pero coinciden en que ambas as dúas son cidades cuxa economía ten unha especialización terciaria moi importante, un feito que en moitos casos está relacionado coas opcións sociais cara á vivenda unifamiliar. O caso é que na periferia coruñesa vive xa o 38% da poboación da área urbana e na de Santiago o 33%, sendo ambas as dúas cidades nas que as periferias adquiriron máis peso no conxunto do sistema de cidades, destacando A Coruña sobre todas as demais.
- b) Vigo ten a periferia con máis habitantes, como xa ocorría ao principio do período pero, aínda que a proporción de poboación que vive nela é semellante ás das anteriores (33%), a taxa de crecemento é tres veces menor (10,5%) e isto levouna a perder peso demográfico relativo sendo, neste sentido, menos dinámica cás outras dúas cidades galegas que desempeñan o papel de ser centros de decisión. Probablemente, esta diferenza está relacionada cun feito que xa comentamos cando falamos do proceso de urbanización: o caso vigués superpúxose a unha rede urbana de base moi desenvolvida, mentres que nos casos da Coruña e de Santiago tivo lugar mediante a sobreimposición do crecemento urbano sobre uns espazos predominantemente rurais con carencia de rede urbana premetropolitana.
- c) Os datos de Ferrol confirman o que xa dixemos ao ser a terceira en orde polo que respecta á taxa de crecemento (22,6%) e á ganancia de peso (+0,3) e, o que é máis significativo, ao ser a periferia que ten maior poboación con respecto á área urbana e á cidade. Ten unha distribución espacial da poboación e do crecemento moi relacionada cos asentamentos industriais tradicionais, pero tamén coa saída da poboación cara á periferia e especialmente cara ao municipio de Narón, que lle proporcionou ao sistema urbano local a oferta de vivendas e de solo empresarial que a cidade non foi quen de facer. Este dato tamén é moi significativo porque serve para evidenciar que a área urbana ferrolá está recuperando o dinamismo anterior, sendo o declive máis un problema da cidade que da área urbana no seu conxunto, presentando ambas as dúas unha dinámica antagónica.
- d) O caso de Pontevedra é moi diferente a todos os anteriores pois, aínda que os datos poñen de manifesto un importante desenvolvemento da periferia, este resultado sería enganoso se non tivéssemos en conta que o seu peso demográfico e o seu potencial de crecemento están estreitamente relacionados coa formación dunha conurbación entre Pontevedra e Marín, de maneira que se trata de dúas cidades soldadas máis ca dunha estrutura monocéntrica de tipo centro-periferia como as anteriores. Ademais, por se esta razón non fose suficiente, a expansión turística e residencial da beira norte da ría provocou a fusión morfolóxica entre

todos os núcleos existentes, formando un continuo edificado que ten máis que ver cos propios factores endóxeos de crecemento, como ocorre en Sanxenxo, que co efecto dinamizador derivado da descentralización do crecemento desde o municipio central. Estamos, xa que logo, ante unha tripla conurbación urbana da que Pontevedra non é máis ca unha parte do conxunto.

- e) Ourense, que nos anos oitenta empezara a desenvolver unha periferia urbana considerable en relación co seu tamaño, perdeu esa característica a favor dunha reconcentración da poboación no municipio urbano central, a pesar do seu reducido tamaño, onde se desenvolveron á vez novas oportunidades de emprego vinculadas á terciarización da súa economía.
- f) Finalmente, Lugo é a cidade cuxa periferia é máis feble e menos dinámica, pero non podía ser doutro modo dada a oferta de solo rural dentro do propio municipio, polo que a periferia se reduce a expansións lineais seguindo as principais vías de acceso, pero cunha moi baixa densidade urbana.


Táboa 6.- Crecemento das periferias urbanas

ÁREAS URBANAS	POBOACIÓN 1986	POBOACIÓN 2005	CRECIMENTO (%)	PESO RELATIVO 1986	PESO RELATIVO 2005	DIFERENZA	RELACIÓN P/AU (%)
Vigo	158.343	174.998	10,5	11,8	11,5	-0,3	37,3
A Coruña	94.447	152.614	61,6	7,1	10,0	+2,9	38,5
Ferrol	59.584	73.026	22,6	4,5	4,8	+0,3	48,6
Pontevedra	51.727	57.590	11,3	3,9	3,8	-0,1	42,0
Santiago	27.829	45.886	64,9	2,1	3,0	+0,9	33,0
Ourense	23.686	25.622	8,2	1,8	1,7	-0,1	19,1
Lugo	6.504	6.313	-2,9	0,5	0,4	-0,1	6,4
Total	422.119	536.049	27,0	31,5	35,2	+3,7	35,19

FONTE: INE e elaboración propia.

Concluindo, as nosas cidades, logo de ter concentrado o crecemento da poboación durante longos períodos, nestes vinte anos trasladaron ese crecemento cara ás súas contornas, organizadas en Administracións locais descoordinadas e mantendo pautas espaciais de crecemento dirixidas a maior parte das veces polas tendencias do mercado máis que polas propostas derivadas dunha ordenación previa do territorio. E este feito significa unha importante carencia en relación co que ocorre en cidades europeas de similar tamaño, xa que, como constatamos nun estudo anterior (Precedo, 2007), este é un dos campos en que a situación das cidades galegas en relación coas europeas é máis deficitaria, e que se traduce tanto nas fórmulas de xestión coma nunha deficiente rede de transporte público, nunha excesiva densidade das áreas centrais e nunha carencia de planificación supramunicipal do uso do solo. Son fortes déficits aos que as cidades deben facerlles fronte se se quere chegar ao futuro urbano de Galicia unha calidade acorde coa que neste sentido alcanzaron a maioría das cidades medias europeas.

Mapa 1.- Galicia: un sistema urbano policéntrico



FONTE: Elaboración propia.

2. AS NOVAS TENDENCIAS DO PROCESO DE URBANIZACIÓN EN GALICIA: A METROPOLIZACIÓN

Nun recente traballo dicíamos que: “*El sistema urbano de Galicia constituye un caso interesante para estudiar la evolución y ajuste de un sistema policéntrico de ciudades a la etapa postindustrial, así como su apertura al sistema urbano global*” (Precedo e Míguez, 2007), sendo probablemente Galicia “*el exponente más claro de este modelo entre los sistemas de ciudades españolas*” (Precedo, 1988). Unha estrutura territorial que “*aporta indudables ventajas para un desarrollo territorial equilibrado, y para canalizar un proceso de difusión de la urbanización desde las ciudades mayores hacia las pequeñas*” (Precedo, 1974), aínda que presenta certos inconvenientes como, por exemplo, a dificultade para a formación dunha metrópole rexional aglutinadora, que na práctica foi substituída por sucesivos liderados compartidos que deron lugar a un equilibrio inestable do sistema de cidades (Precedo, 1987) e a un aumento da urbanización dispersa.


Na base do sistema está unha rede de cidades pequenas, na súa maioría cabeceiras de comarcas rurais renovadas ou de asentamentos urbanos litorais, que reforzaron o policentrismo do sistema. De feito, a distancia media entre as pequenas cidades (as vilas) é de 20 km (Precedo, 1974). Non é estraño que, por esta razón, nas periferias urbanas a descentralización do crecemento se superpuxera aos procesos de desenvolvemento endógeno xerados en torno ás pequenas cidades, formándose extensas áreas rururbanas onde a falta de coordinación das políticas municipais provocou unha forte desorde territorial. Trátase de dous procesos simultáneos: por unha parte, a rururbanización difusa, caracterizada pola dispersión residencial e polas actividades económicas derivadas dos recursos endóxenos (cadea empresarial do mar, turismo e pequenas industrias locais); e, por outra parte, unha acusada descentralización do crecemento urbano canalizado por unha densa rede de estradas. Ambos os dous deron lugar a numerosas microconurbacións urbanas lineais, que contribuíron a soldar os espazos rururbanos cos periurbanos en torno ás sete cidades medias. No sector máis dinámico –o eixe atlántico– a distancia media é de 52 km e os tempos medios de desprazamentos de 33 minutos por autoestrada (71 minutos e 53 km por estrada), que axiña se reducirán coas novas prestacións ferroviarias.

En terceiro lugar, cómpre sinalar que, a partir dos anos noventa, se produciu “*una reestructuración del sistema de ciudades como consecuencia del ajuste que tuvo lugar en la transición postindustrial y su apertura a un entorno global*” (Precedo e Míguez, 2007). Destacan cinco feitos:

- 1) A descentralización do dinamismo demográfico e económico desde as cidades ata as áreas metropolitanas, como xa vimos.
- 2) O aumento da internacionalización e da competitividade das economías urbanas con base na formación dun novo tecido empresarial que logrou posicionarse no mercado global (por exemplo, Inditex na Coruña).
- 3) O reforzamento da especialización urbana e a posta en marcha de novas estratexias de xestión e de asociacionismo urbano.
- 4) A especialización postindustrial, que contribuíu á terciarización de todas as cidades e á apertura cara ao exterior das máis dinámicas, principalmente nos ámbitos empresarial, turístico, cultural e, máis recentemente, do coñecemento.
- 5) A consolidación do proceso de metropolización.

Estamos ante unha internacionalización que aínda resulta máis interesante porque se produciu nunha rexión periférica, altamente ruralizada e que aínda presenta importantes bolsas de subdesenvolvemento, o que permite constatar unha vez máis o papel do sistema urbano como factor de innovación e de arrastre do desenvolvemento rexional.

Mapa 2.- Rexións funcionais A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra



FONTE: Elaboración propia.

2.4. A ACTUAL ESTRATEXIA METROPOLITANA: CARA AOS NOVOS ESPAZOS COMPETITIVOS

A excepción dos citados plans estratéxicos, carecíase de proxectos de competitividade global segundo o modelo de “*city strategy*”, por iso no ano 2006 iniciamos o xa mencionado estudo para a área metropolitana da Coruña (Precedo e Míguez, 2007). O seu obxectivo era definir unha estratexia de competitividade baseada no márketing metropolitano partindo dunha “visión de posicionamento” da área metropolitana como “cidade media global” (modelo de cidade). Unha análise obxectiva posterior propoñía unha estratexia de xestión con tres obxectivos: competitividade económica, sostibilidade territorial e gobernabilidade. A partir destes desenvolvementos avanzamos no deseño dunha “cidade metropolitana policéntrica” (modelo territorial) e trazouse unha proposta de márketing operativo composta por doce produtos urbanos asociados á identidade e á marca urbana como soporte para unha acción participativa baseada na creatividade colectiva ou social. Á proposta denominámola “*A Coruña, unha metrópole euroatlántica*”, por ser este termo o que resumía o posicionamento e a xestión estratéxica da cidade. Entre esas medidas propugnaba, en primeiro lugar, a asociación estratéxica da Coruña con Ferrol para incrementar o limiar de competitividade de ambas as dúas para formar unha eurocidade.


O estudo enfocouse desde a seguinte perspectiva: en primeiro lugar, tomouse a “visión” da cidade a partir do potencial acumulado e anticipouse unha definición apriorística do modelo da área metropolitana do século XXI. A partir desa “visión”, realizouse unha análise estratéxica para a definición e o deseño do produto-cidade baseado en tres eixes:

- 1) A estratexia de posicionamento: orientada á competitividade no sistema urbano global a partir da internacionalización dos recursos urbanos acumulados. Constatouse a existencia de dous factores deficitarios de competitividade: a carencia dun modelo sostible de planificación metropolitana e a ausencia dun modelo de gobernabilidade adecuado. Ambos os dous obxectivos constituíron o obxecto dos dous eixes estratéxicos seguintes.
- 2) A estratexia territorial: abarca a planificación metropolitana cuxa filosofía baseouse en tres factores: a creación dunha nova identidade urbana –a “cidade metropolitana”–, o policentrismo –a “cidade policéntrica”– e a sostibilidade –a “cidade verde”–. Incluímos aquí temas como as infraestruturas, a mobilidade, as redes urbanas, os modelos urbanos, o tratamento da paisaxe, etc.
- 3) A estratexia de gobernabilidade: a aplicación do plan requiría a existencia dun modelo de cooperación que incluía tanto a gobernabilidade metropolitana como a participación social. Os principios filosóficos foron os seguintes: a identidade metropolitana como referente psicosocial para a participación, a cooperación para a cocreatividade e o liderado social, substituíndo o modelo vertical burocrático por un modelo de cooperación social en rede.

As tres estratexias anteriores debían completarse cunha cuarta xerada por unha dobre vía: por un lado, o obxectivo xeral do proxecto, é dicir, o posicionamento exterior e, por outro, ter detectado un forte déficit de política exterior. Para iso elaboramos a estratexia de márketing metropolitano.

Coa integración dos eixes estratéxicos completamos o deseño do proxecto metropolitano, para facer da área metropolitana unha cidade máis competitiva, de maior calidade, mellor xestionada e máis participativa. Esta secuencia preséntase na figura 1.

Figura 1.- O modelo “city strategy marketing” da área metropolitana da Coruña



A agrupación das accións contidas nas tres estratexias anteriores conformaron a base e o contido da última parte do proxecto: unha estratexia de márketing operativo. O seu fin era completar o estudo estratéxico da primeira parte enfocándoo desde unha perspectiva estratéxica de posicionamento e internacionalización, que constituía o obxectivo do estudo.

Parece oportuno reproducir un parágrafo que redactamos ao final da segunda parte: *“todas estas propostas [refírese ás accións expresadas] no son máis que ideas o principios ordenadores y estructurantes de la ciudad metropolitana del futuro, pero que para su concreción requieren la colaboración del tejido asociativo, de los grupos locales de trabajo y de las nuevas formas de participación ciudadana”*, de acordo co principio de cocreatividade no que se basea a filosofía deste proxecto de cidade.

Precisamente por iso foi necesario elaborar un documento simplificado que recollese todas as propostas suxeridas polas diferentes partes do estudo, para que foran propostas facilmente percibibles pola poboación, achegando a concreción visual e funcional do proxecto de cidade metropolitana. Esta é a razón que fixo desta idea un factor estratéxico, susceptible de actuar como desencadeante do proceso de toma de decisións compartidas, para reforzar a autoidentificación da poboación co proxecto dunha cidade metropolitana que quere ser unha nova identidade urbana, comprensiva e superadora de cada unha das partes que a constitúen –os municipios–.

Este estudo, como xa se sinalou, demostrou empiricamente o que xa en anteriores propostas se adiantara: o déficit competitivo da área metropolitana actual, en termos dimensionais, polo carácter da masa crítica necesaria en comparación co tamaño medio das cidades do sistema atlántico europeo, que foi o segmento obxectivo de competitividade asignado (o *“target”*), utilizando os datos de Urban Audit para vinte e seis cidades. En efecto, concluímos que, nunha elevada proporción das variables consideradas, a metrópole coruñesa podía competir en calidade urbana, estando os principais déficits na xestión supramunicipal –infraestruturas e planeamento urbanístico, gobernabilidade– e no tamaño demográfico, xa que non no económico, no que a internacionalización da economía metropolitana ofrecía un valor estratéxico altamente competitivo. Iso mesmo constatamos despois ao considerar o rango poboacional das MEGA (áreas metropolitanas europeas), xa que se no primeiro caso o tamaño medio estaba en 798.405 habitantes, no segundo era de 1.600.000. Polo tanto, propúxose como primeiro proxecto operativo a recuperación da xa mencionada idea da “cidade das rías” para crear unha rexión urbana funcional entre A Coruña e Ferrol, buscando tamén a complementariedade e a integración dos seus dous portos exteriores.

Á vez, o Goberno da Xunta de Galicia expuxo publicamente unha opción política a favor da creación das dúas grandes áreas metropolitanas citadas, asimilando a área funcional constitutiva das dúas rexións urbanas ás áreas metropolitanas, como suxeriran a maioría das propostas anteriores. A primeira –a de Vigo-Pontevedra–

no sur, onde había máis sensibilidade política, e a outra –a da Coruña-Ferrol– no norte. O seu estudo estámolo realizando cando este artigo se redacta. A base argumental desta opción descansa en catro factores:

- 1) A necesidade de buscar unha fórmula de xestión innovadora para a planificación estratéxica (“*city strategy*”) e o posicionamento (márketing urbano) adaptada aos potenciais do sistema urbano.
- 2) A inexistencia dun órgano institucional correspondente aos espazos económicos metropolitanos, o que demanda a creación de instrumentos de cooperación público-privados.
- 3) A necesidade de constituír áreas metropolitanas que polas súas dimensións fosen competitivas no novo mapa europeo posto que, como xa demostramos nos estudos clasificatorios do sistema de cidades, as cidades galegas están excluídas nos rangos máis competitivos pola súa dimensión actual.
- 4) As recomendacións contidas na Estratexia territorial europea sobre a consolidación dun sistema urbano policéntrico en Europa mediante a creación de novos polos metropolitanos asociativos, para o cal as cidades porto (como as galegas) constituían unha opción preferente.

Como era de esperar, unha estratexia como esta habería de atopar unha resposta desigual entre as cidades, pero o mesmo feito de terse formulado xerou un interesante debate sobre o futuro das áreas metropolitanas, unha nova concepción que permitiu ampliar o discurso metropolitano, subtraéndoo das estreitas canles administrativas anteriores e levándoo a un marco global. Deste modo, formúlase como posibilidade unha fórmula combinada:

- a) Consorcios para a xestión dos servizos públicos en áreas urbanas supramunicipais.
- b) Novos órganos ou axencias de cooperación público-privada para os novos espazos metropolitanos policéntricos.

É un modelo que aínda está en fase de estudo pero que se move nun sistema aberto, flexible e participativo de xestión, guiado por unha visión máis relacionada co modelo de “*city strategy marketing*” que coa visión administrativa, cuxa experiencia non dera ata agora resultados positivos noutras cidades.

5. CONCLUSIÓN

De todo o dito, dedúcese que Galicia, tal e como dicíamos nunha anterior publicación, “*constituye un interesante caso para estudiar como entre las principales ciudades del sistema regional tienen lugar alternancias y modificaciones funciona-*

les de posicionamiento jerárquico regional y de posicionamiento exterior en el sistema internacional de ciudades". Por outro lado, cómpre sinalar que "estamos tamén ante un caso demostrativo de cómo un sistema policéntrico de cidades medias puede constituir una alternativa complementaria a las grandes aglomeraciones urbanas" para desenvolver o que no documento europeo ESPON (2004) se denomina PIA, é dicir, áreas potenciais de integración, formadas sobre espazos urbanos policéntricos entre os que exista unha continuidade baseada na proximidade morfolóxica. Pero para iso cómpre configurar e institucionalizar antes as áreas metropolitanas con dimensións demográficas e económicas que sexan competitivas no novo sistema europeo de cidades mediante modelos asociativos de cidades medias próximas. Deste modo, fronte ás teses centradas nas metrópoles mundiais globais como únicos espazos competitivos e como soportes urbanos da globalización (Castells, 2001), pode pensarse tamén noutras hipóteses. De feito, algúns autores propugnaron o concepto de cidades subglobais (Hall, 2001) nun segundo chanzo xerárquico do sistema urbano global. Nun terceiro chanzo poderían incluírse as cidades intermedias constituídas sobre áreas metropolitanas policéntricas de rango internacional, mediante a asociación de cidades próximas (A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra), como novos espazos urbanos de integración e de competitividade. É este un tema que requiriría un debate máis amplo, pero que trataremos aquí brevemente para concluír o noso traballo.

Desde este punto de vista, tamén podemos afirmar que a metropolización, ademais de formar parte do proceso de urbanización e de constituír un novo ámbito xurídico-administrativo, asume para as cidades medias o rango dunha acción estratéxica de competitividade urbana, constituíndo unha singular experiencia que, ao estar baseada nas propostas que se fixeron no pasado, asegura a continuidade do modelo territorial pero adaptado ao novo contexto urbano imposto pola globalización.

Ademais do dito con carácter xeral, os resultados achegados polas análises parciais permiten aceptar a hipótese formulada sobre a reestruturación do sistema de cidades como consecuencia do importante axuste que tivo lugar durante a transición postindustrial e a súa apertura a unha contorna global. Cómpre salientar os seguintes feitos:

- 1) O aumento da internacionalización e da competitividade das economías urbanas con base na formación dun novo tecido empresarial que logrou posicionarse no mercado global.
- 2) A especialización urbana nas actividades propias da cidade postindustrial, que contribuíu á terciarización das cidades e á súa apertura cara ao exterior, principalmente nos ámbitos turístico, cultural e tecnolóxico.
- 3) A descentralización do dinamismo demográfico e económico desde as dúas áreas metropolitanas cara ás cidades medias.

- 4) As políticas e estratexias urbanas levadas a cabo constitúen un interesante marco de referencia en actividades innovadoras.
- 5) O reforzamento do policentrismo no novo sistema urbano conecta a estrutura actual co modelo anterior, pero xerando un novo deseño funcional do sistema do que poden derivarse efectos de complementariedade e de asociacionismo urbano cun alto valor estratéxico para articular o sistema policéntrico e superar os excesos localistas dominantes.

E para finalizar, reproduciremos un parágrafo anterior: todo este proceso, que nos parece interesante en si mesmo, aínda resulta máis sorprendente porque se produciu nunha rexión periférica, altamente ruralizada e que aínda presenta importantes bolsas de subdesenvolvemento, o que permite constatar unha vez máis o papel do sistema urbano como factor de innovación e de arrastre do desenvolvemento rexional. Neste contexto quixéramos destacar un feito: a demostración de como as cidades medias poden converterse en polos de competitividade no sistema de cidades globais, o cal posúe un significado relevante porque permite formular unha alternativa consistente ao modelo das megacidades, desde un sistema económico local innovador e susceptible de proporcionar unha contorna de elevada calidade de vida desde o punto de vista social e ambiental, un escenario urbano de calidade para as cidades medias que atopan nel a súa maior fortaleza competitiva e a súa principal vantaxe comparativa.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO, J. (2004): *La emergencia de las nuevas ciudades en la era global*. Gijón: Trea.
- CASTELLS, M. (2001): *La era de la información*. Madrid: Alianza.
- EUROPEAN UNION (2004): *Potentials for Polycentric Development in Europe*. (Documento ESPON 111). Luxembourg: European Union.
- HALL, P. (2001): *Cities in Civilization*. London: Harper Collins.
- PRECEDO LEDO, A. (1992): *Orense, centro de equilibrio*. A Coruña: Caixa Galicia.
- PRECEDO LEDO, A. (1995): *El área urbana de Ferrol: la crisis de un modelo urbano*. A Coruña: Caixa Galicia.
- PRECEDO LEDO, A. [ed.] (2001): *Los problemas demográficos en el cambio de siglo*. A Coruña: IEE / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PRECEDO, A. (1974): "Galicia: red urbana y desarrollo regional", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, t. CX, pp. 161-219.
- PRECEDO, A. (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PRECEDO, A. (1988a): *La red urbana*. Madrid: Síntesis.
- PRECEDO, A. (1988b): *Vigo: área metropolitana*. A Coruña: Caixa Galicia.
- PRECEDO, A. (1990): *La Coruña, metrópoli regional*. A Coruña: Caixa Galicia.
- PRECEDO, A. (1999): "La ciudad comarcal: A Diffused Green-City Region", en: *The Future of Industrial Regions. Regional Strategies a Local Action Towards Sustainability*. (Working Paper Book). Gelsenkirchen: AIU-ISOCARP.

PRECEDO, A. (2004a): “El modelo de desarrollo comarcal”, *Boletín de la AGE*, núm. 38, pp. 29-45

PRECEDO, A. (2004b): *Nuevas realidades territoriales para el s. XXI*. Madrid: Síntesis.

PRECEDO, A. [dir.] (2007): *El área metropolitana de La Coruña: una metrópoli euroatlántica*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

PRECEDO, A.; MÍGUEZ, A. (2007): “Policentrismo urbano y ajuste del sistema de ciudades en Galicia”, *Rev. Xeográfica*, núm. 7, pp. 75-93.